

APUNTES SÓKRATES. UNIVERSALISMO. ÉTICA

1. **SABER DA POLIS**: FILOSOFÍA GREGA ANTERIOR. PRESOCRÁTICOS. CENTRADA NO ESTUDO DA NATUREZA (PHYSIS). FÍSICOS (PHYSIKOI). **SÓKRATES**: INTERESE NA **POLIS**, NA **CIDADE**. ESPAZO VITAL. ESPAZO CÍVICO DOS CIDADÁNS. **ÉTICA** E **POLÍTICA**.
2. **DOCTA IGNORANCIA**: A IGNORANCIA DO **FILÓSOFO**, QUE SABE QUE NON SABE. “SÓ SEI QUE NADA SEI”. PERO ESTE RECOÑECEMENTO DE QUE NON SABE, É O PUNTO DE PARTIDA PARA ACADAR A **SABEDORÍA**. O QUE NON SABE, ASPIRA A SABER, QUERE SABER, PORQUE AMA O **COÑECEMENTO** E A **VERDADE**. A **FILOSOFÍA** É O AMOR AO SABER, Á SABEDORÍA. **COÑECERSE INTELECTUALMENTE**.
2. **AUTOEXAME**: “**COÑÉCETE A TI MESMO**”. **COÑECERSE MORALMENTE**. ESCRUTINIO DE SÍ MESMO. A **SABEDORÍA** É **COÑECERSE A SÍ MESMO**. **AUTOEXPLORACIÓN**, **INTROSPECCIÓN**, **EXAME INTERIOR**. ESCOITAR A **VOZ INTERIOR** E ACTUAR CONFORME A ELA. **DAIMON**. **CONCIENCIA MORAL**. ENCONTRAR NO **INTERIOR** DUN MESMO A **VERDADE** E O **BEN**. O **DEBER MORAL** EMANA DO NOSO **INTERIOR**.
3. **PAIDEIA**: A **EDUCACIÓN SOCRÁTICA**. MAXISTERIO SAGRADO. PROMOVER NO DISCÍPULO O AUTOEXAME, EXAMINARSE UN E AXUDAR A QUE O ALUMNO SE EXAMINE. **FORMAR CONCIENCIAS**. OBRIGA MORAL: MELLORARSE UN E MELLORAR AOS DEMAIS. DEBER DE **PURIFICACIÓN DE CONCIENCIAS** E **ILUMINACIÓN DE INTELIXENCIAS**.
4. **COIDADADO DA ALMA**: **EU PRÁTTEIN**, **EUPRAXÍA**: A **ACCIÓN BOA**, A **BOA PRAXIS**, O **OBRRAR BEN**. **VIRTUDE (ARETÉ)**. **EUDAIMONÍA**: O **ESTAR BEN**, O **BEN ESTAR**, **FELICIDADE**, **BEN VIVIR**, A **BOA VIDA HUMANA**. **EUKRÁTEIA**: O **AUTODOMINIO** DO **SABIO** QUE CULTIVA A **VIRTUDE** VS. **BENS MATERIAIS**, **PAIXÓNS**, **DESEXOS IRRACIONAIS**. **IDEAL DE SABIO**: **AUTOCONCIENCIA** E **AUTODOMINIO**. **COÑECEMENTO DA VERDADE** E **EXERCICIO DA VIRTUDE** E DO **BEN**.
5. **SABER PRÁCTICO**: O **COÑECEMENTO** DA **VERDADE** E O **BEN** É NECESARIO PARA O **RECTO OBRAR**. O **COÑECEMENTO** DA **VIRTUDE** NON É UNICAMENTE UNHA ACTIVIDADE INTELECTUAL (COÑECEMENTO TEÓRICO), SENÓN ANTE TODO UN **COÑECEMENTO PRÁCTICO**. SÓ QUEN COÑECE O BEN PODE OBRAR CORRECTAMENTE, ÉTICAMENTE. IDENTIFICACIÓN DE **SABER** E **VIRTUDE**. QUEN OBRA **MAL** FAINO POR **IGNORANCIA**. TEORÍA ÉTICA DO **INTELECTUALISMO MORAL OU SOCRÁTICO**.
6. **BUSCA DAS DEFINICIÓNS**: INDAGACIÓN NAS **DEFINICIÓNS** DOS **CONCEPTOS ÉTICO-CÍVICOS**: ¿QUE É A XUSTIZA?, ¿QUE É A BONDADÉ?, ¿QUE É A VIRTUDE? NECESIDADE DE QUE HAXA UNS **TERMOS COMÚNS** COMO CONDICIÓ DE POSIBILIDADE PARA O **DEBATE ÉTICO-POLÍTICO** ENTRE CIDADÁNS. **OPINIÓ VS. CIENCIA**: ACERCA DO **MUDABLE** E **CAMBIABLE** SÓ HAI **OPINIÓ**. A **CIENCIA** TRATA DO **INMUTABLE**, DAS **ESENCIAS**, DOS **CONCEPTOS**, DAS **DEFINICIÓNS**. **RAZOAMENTO INDUCTIVO**: A PARTIR DO PARTICULAR E SUBXECTIVO (EXEMPLOS) CHEGAR AO COMÚN E UNIVERSAL (DEFINICIÓ).

7. **DIÁLOGO SOCRÁTICO**: BUSCA EN COMÚN DAS DEFINICIÓNS DOS CONCEPTOS POLÍTICO-MORAIS. LOGOS COLECTIVO, DIALÓXICO. INTERSUBXECTIVIDADE. ACORDO CON OUTRAS CONCIENCIAS. UNIDADE, UNIVERSALIDADE DO CONCEPTO. PLURALIDADE, MULTIPLICIDADE DE SUXEITOS.

8. **MÉTODO DO DIÁLOGO**:

- **IRONÍA**: SÓKRATES PREGUNTA AO SEU INTERLOCUTOR, FINXINDO NON SABER ABSOLUTAMENTE NADA, ATE QUE O DISCÍPULO OU O CIDADÁN CAE EN CONTRADICCIÓNS LÓXICAS NAS SÚAS RESPOSTAS.
REFUTACIÓN DA IGNORANCIA DE QUEN NON SABE E CRE SABER. PROVOCA A VERGOÑA NO INTERLOCUTOR. **TOMA DE CONCIENCIA** DA NECESIDADE DE **PURIFICACIÓN DE ERROS E FALTAS**. **PURIFICACIÓN INTELECTUAL E MORAL**. CONCIENCIA DO **BALEIRO INTERIOR** COMO **PREPARACIÓN E ESTÍMULO** PARA A INVESTIGACIÓN ULTERIOR, PARA CONTINUAR A BUSCA DA VERDADE.
- **MAIÉUTICA**: SE O INTERLOCUTOR É UN DISCÍPULO, SÓKRATES FAILLE VER QUE ESTÁN NO MESMO PUNTO, QUE OS DOUS NON SABEN. PUNTO DE PARTIDA PARA QUE, ENTRE TODOS, CONTINÚE A INVESTIGACIÓN A BASE DE PREGUNTAS E RESPOSTAS, ATE DAR COA VERDADE, A DEFINICIÓN DO CONCEPTO ÉTICO.
DAR A LUZ Á VERDADE QUE AFLORA DO **NOSO INTERIOR**. O INTERROGADO POSÚE UN **POTENCIAL INTELECTUAL E MORAL INTRÍNSECO**, INTERNO, QUE O VERDADEIRO MESTRE, MEDIANTE UN **MÉTODO DE ENSINANZA ACTIVO** SACA Á LUZ.

9. **RESPECTO ÁS LEIS**: AS **LEIS** DA POLIS SON **SAGRADAS**. A VOZ INTERIOR, O DAIMON, MANDA RESPECTAR AS LEIS DA CIDADE. IR EN CONTRA DAS LEIS É DESTRUIR A POLIS. O CIDADÁN DEBE OBEDIENCIA Á CIDADE QUE O CRIOU E EDUCOU.